

XVI Limpeza simultânea de ríos. Setembro 2023

Proxecto Ríos





XVI Limpeza Simultánea de Ríos

O obxectivo desta actividade é achegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza.

ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 24 de setembro de 2023 realizouse a **XVI Limpeza Simultánea de Ríos** en 52 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 70 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Santiago de Compostela, Tomiño ou Verín, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en **54 treitos de río** e participaron **765 persoas**.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos pódese observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2023 volveron a aparecer moitas rodas de automóviles, e outros voluminosos.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o [Protocolo de Actuación](#) que se pode descargar en PDF. As persoas participantes recibiron como agasallo unha camisola co lema da limpeza '**Móllate polos ríos**'.

Aínda se verten moitos residuos aos ríos. Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, unha valla de sinalización, entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc... As toallíñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia e tamén máscaras. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.



XVI Limpeza Simultánea de Ríos

Calcúlase que os residuos de tódolos concellos suman un total de máis de **6 toneladas**, mais o principal obxectivo da actividade non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, pero si unha masa de xente que pode axudar a concienciar á cidadanía. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso dende o Proxecto Ríos e ADEGA promóvense actividades como esta. Os ríos non son vertedoiros, e hoxe débese fomentar o uso dos puntos limpos. Cada quen pode recapacitar ante esta situación e tamén reducir o seu consumo de plástico, empregando botellas reutilizables, usando bolsas de tea, etc... Este ano, como no anterior, pedimos que cada voluntario e voluntaria levar as súas luvas de goma para evitar o uso das de látex ou vinilo, moito máis fráxiles, e que xeran máis residuos.

Dende ADEGA e Proxecto Ríos agradecemos o tempo e dedicación de todos os colectivos implicados na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o compromiso na conservación dos ríos que atravesan os seus municipios, especialmente os concellos que apoiaron esta limpeza, que foron: A Estrada, Allariz, Ares, Ames, Carballo, Fene, Gondomar, Meis, Nigrán, Pontearreas, Pontevedra, Rianxo, Ribadumia, Salceda de Caselas, Santiago de Compostela, Teo, Tomiño, Verín e Xinzo de Limia.

Proxecto Ríos é un proxecto que conta co apoio de Augas de Galicia dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Pero sobre todo é destacable o traballo de todas as persoas que se meteron no seu río para limpalo e axudaron entre todos e todas a denunciar e solucionar este gran problema. Sen eles esta iniciativa non sería posible. Un ano máis a sociedade galega, **Mollouse polos Ríos!!**

Moitas Grazas!!

Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados:

CONCELLO	Colectivo	Voluntarios/as	Río	kg
A Cañiza	Fundación MundoNatura	5	Calvo	250
A Coruña	OMA-UDC	2	Bens	-----
A Estrada	Asociación pola Defensa do Val do Liñares	15	Liñares	500
A Estrada	Concello da Estrada	----	----	----
A Guarda	Asociación A Jalleira	24	Soberbia	60
A Merca	Asociación Xuvenil Xoldreira	11	Arnoia	40
Ames	Concello de Ames	27	Ameneiral,Andoriña e Pasos	200
Allariz	Allariz	25	Arnoia	120
A Pobra de Trives	CEIP de Trives	----	----	----
A Pobra de Trives	IES de Trives	----	----	----
Ares	Asociación Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro	8	Frades	80
Ares	Concello de Ares	----	----	----
Baamonde	Cercud (Centro Cultural Recreativo Deportivo)	12	Parga	27
Betanzos	Fragas do Mandeo	26	Mendo	771
Cangas	ADEGA Morrazo	12	Bouzós	60
Cangas	ANPA Escola A Rúa	25	Saiñas	-----
Carballo	ADEGA Carballo	4	Anllóns	300
Castro de Rei	Asociación Deportiva e Cultural Amigos do Miño	----	Miño	----
Carral	Asociación Brexa	22	Barcés	250
Catoira	Ecoloxistas de Catoira	16	Catoira	100
Catoira	ANPA As Lombas	----	----	----
Catoira	Concello de Catoira	----	----	----
Cenlle	Asociación Veciñal de Lentille	10	O Regheiro	40
Cervo	Asociación Fervenza de Sargadelos	11	Xunco	35
Cesuras	ANPA CEIP Bragade	21	Mendo	35
Fene	AETNA	19	Baa	----
	Asociación Betula	----	----	----
	CEIP Os casais de Maniños	----	----	----
Foz	Concello de Foz	7	----	----
Gondomar	A Groba / voluntarios de proxecto ríos de Gondomar	12	Zamás e Miñor	100
Gondomar	Concello de Gondomar	33	Rasas	----
Lousame	Fundação Montescola	----	----	----
Lugo	ADEGA Lugo	4	Rato	300
Lugo	Coidemos Lugo	17		400
Lugo	UNED	----		----
Marín	Grupo Cultural Ronsel	25	Loira	140
Meis	Concello de Meis	----	----	----
Meis	CEIP Armenteira	30	Armenteira	----

Moaña	Concello de Moaña + ADEGA Morrazo	15	Rialdarca	200
Navia de Suarna	Asociación Veciñal Irmandade de Naviega	----	-----	-----
Negreira a Baña	A.C. Afonso Eanes + A.C. Son Terra	6	Barcala e Tambre	70
Nigrán	Concello de Nigrán	13	Muíños	sen datos
O Grove	IES as Bizocas	27	Bizocas	100
Ourense	Ecovixiantes de Franciscanas	35	Miño	50
Ourense	Aula da Natureza	6	Miño	15
Parada de Sil	A Fábrica da Luz	3	Umia	20
Ponteareas	Plataforma Defendendo o Tea	----	----	----
Pontevedra	Vaipolorio + Asc. Xoán XXIII	----	----	----
Porriño	Asociación Española de Herpetoloxía	----	----	----
Rábade	AGCT	3	Miño	350
Rianxo	AAVV do Araño	13	Te	140
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés		Umia	
Salceda de Caselas	Asoc. Trezecatorze	38	Ferreiros e Ameiceira	80
San Sadurniño	Concello San Sadurniño	15	Xubia	50
Santiago de Compostela	AA.VV. Rio Sarela	11	Sarela	100
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela	16	Sarela	100
Santiago de Compostela	AFA Montessori	12	Sar	70
Sarria	Asoc. Cultural Crearte	12	Sarria	100
Seoane do Courel	CPI UxíoNovoneyra	----	----	----
Sober	Empresa Siltrip	----	----	----
Soutomaior	Concello de Soutomaior	82	Verdugo	400
Teixeira	Asociación vecinal Lumeares Comomires	----	----	----
Tomíño	Técnicos M.A. + Centros de Ensinanza	----	----	----
Tordoia	Asc. Brisa do Quenllo	8	Lenguelle	150
Valga	Muíño Didáctico de Campaña	6	Valga	50
Verin	Asoc. Centro Desarrollo Rural Portas Abertas	11	Rubín	320
Vilalba	ANPA EEI de Vilalba	35	Madalena	400
Vilalba	ANPA CEIP Antonio Insua Bermúdez			
Viveiro	Asociación PRATODO	----	----	----
Xunqueira de Ambía	Iniciativa xunqueira	19	Arnoia	25
Total 52	70	765	54	6513



XVI Limpieza Simultánea de Ríos

FOTOS DOS GRUPOS PARTICIPANTES

A Cañiza- Fundación MundoNatura



A Estrada- Asociación pola Defensa do val do Liñares



A Guarda- Asoc. A Jalleira



A Merca- Asociación Xuvenil Xoldreira



Ames-Concello de Ames



Ares-Asociación Amigos do Mosteiro de Sta.Catalina de Montefaro +Concello de ARES



Baamonde-Cercud(Centro Cultural Recreativo Deportivo)



Cangas- ADEGA-Morrazo



Carballo-ADEGA-Carballo



Carral-Asociación Brexa



Catoira- Ecoloxistas de Catoira e ANPA As Lombas



Cervo-Asoc. Fervenza de Sargadelos



Fene- AETNA e Asoc. Bétula



Foz- Concello de Foz



Gondomar- A Groba/Voluntariado Proxecto Ríos



Gondomar- Concello de Gondomar



Lugo- ADEGA-Lugo



Lugo- UNED Lugo e Coidemos Lugo



Marín- Grupo Cultural Ronsel



Moaña- Concello Moaña+ADEGA Morrazo



Negreira e A Baña- Asoc. Afonso Eanes e Asoc. Son Terra



Nigrán- Concello de Nigrán



O Grove- IES As Bizocas



Rábade- AGCT



Rianxo- AAVV do Araño



Salceda de Caselas- Asoc.Trezecatorze



San Sadurniño-Concello de San Sadurniño



Santiago de Compostela-AA.VV. Río Sarela



Santiago de Compostela-ADEGA Compostela



Sarria-Asoc.Cultural Createe



Soutomaior- Concello de Soutomaior



Tordoia- Asc.Brisa do Quenllo



Valga- Muiño Didáctico de Campaña



Verín- Asoc. CDR Portas Abertas



Vilalba- ANPA CEIP Antonio Anxo Bermúdez



Xunqueira de Ambía- Iniciativa por Xunqueira





XVI Limpeza Simultánea de Ríos

Páxina web da Limpeza.

<https://limpeza.proxectorios.org/>



Web de ADEGA e Proxecto Ríos



24-09-2022

Unhas 750 persoas retiran máis de 6 Tn. de residuos na XVI Limpeza Simultánea de Ríos do Proxecto Ríos

Fomos novamente moitas as persoas as que nos mollamos polos ríos na XVI Limpeza Simultánea.

Houbo grupos grandes e pequenos, de nenos e nenas e de maiores. Limpáronse grandes ríos e tamén pequenos regatos, pero todas e todos tivemos o mesmo obxectivo: coidar os nosos ríos e concienciar á sociedade da necesidade de que estean ben conservados.

O domingo 24 de setembro de 2022 realizouse a XVI Limpeza Simultánea de Ríos en 52 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, desde asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando a máis de 60 entidades.

Entre elas tamén moitos concellos colaboradores como o de San Sadurniño, Moaña, Gondomar e Santiago de Compostela entre outros.

Ainda se verten moitos residuos aos ríos

Desta volta recolléronse refugellos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos.

Apareceron rodas, cristais e lats; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, sinais de tráfico, entullos, foles, deshumidificadores. Retiráronse unhas roupa, calzado, etc.. As toallitas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia xunto coas compresas e tampons, e como non múltiples máscaras. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacamos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.

No recuento, calculámos que os residuos de todos os concellos suman máis de 6 toneladas, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este.



ADEGA e o Proxecto Ríos agradecen o apoio e financiamento das seguintes entidades e dos 22 concellos que axudaron na XVI limpeza simultánea de ríos.

ORGANIZAN:



ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

PROMOVEN:



XUNTA DE GALICIA



COLABORAN:



Concello de A Estrada



Concello de Ames



CONCELLO DE ARES

Concello de Ares



Concello de Cangas

Concello de Cangas



concello de CARBALLO

Concello de Carballo



Concello de Fene



Concello de Foz

Concello de Foz



Concello de Gondomar



Concello de Meis



CONCELLO DE MOAÑA

Concello de Moaña



Concello de Nigrán



Concello de Pontevedra

Concello de Pontevedra



XVI Limpeza Simultánea de Ríos



Concello de
Pontareas



Concello de
Rianxo



Concello de
Ribadumia



Concello de
Salceda de
Caselas



CONCELLO DE
SANTIAGO
Concello de
Santiago



Concello de
San Sadurniño



Concello de
Soutomaior



Concello de
Teo



Concello de
Tomiño



Concello de
Verín

Proxecto Ríos
Avda. de Castelao 20, baixo
15704. Santiago de Compostela
981 57 00 99



XVI Limpeza Simultánea de Ríos

**Proxecto Ríos
Avda. de Castelao 20,
baixo
15704. Santiago de**



XVI Limpeza Simultánea de Ríos